

# ANEXO I. Memoria xustificativa (artículo 5.1.a)

## GRADUADO/A en INTELIXENCIA ARTIFICIAL

### polas Universidades de

### A CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA e VIGO

#### I. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE SOCIOECONÓMICO DO GRADO PARA A COMUNIDADE AUTÓNOMA.

- **Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación).**

Ao tratarse dun grao interuniversitario verificado e implantado desde o curso 2022/23, o interese socioeconómico do grao para a comunidade autónoma quedou acreditado no proceso de verificación realizado en 2021-2022. Nun eido como a Intelixencia Artificial (IA), este interese medrar exponencialmente desde ese momento, si temos en conta, como indicador emblemático, que a verificación e implantación dos estudos foi anterior ao tremendo impacto que causou a Intelixencia Artificial Xerativa coa difusión pública de ChatGPT en novembro de 2022. Xa que logo, as evidencias do interese do título son neste momento aínda moito mais claras que as recollidas no seu momento. No que segue, recolleremos os datos mais relevantes do estudo.

Estudos como McKinsey<sup>1</sup>, Gartner<sup>2</sup> ou Accenture<sup>3</sup> sitúan xa desde hai tempo a IA entre as tendencias tecnolóxicas máis estratéxicas, segundo o seu potencial impacto en ámbitos como a hiperautomatización, a multiexperiencia multimodal, a democratización da tecnoloxía dixital ou a ampliación e mellora (“augmentation”) das capacidades humanas, físicas e cognitivas. O incremento da produtividade derivado do uso destas tecnoloxías cífrase en mais de 2.9 miles de millóns de USD<sup>4</sup> polo uso de IA xerativa multimodal,

---

<sup>1</sup> McKinsey Global Institute, Notes from the AI Frontier: modeling the impact of AI on the World Economy, 2018.

<sup>2</sup> <https://www.gartner.com/en/insights>

<sup>3</sup> <https://newsroom.accenture.com/news/2025/accenture-technology-vision-2025-new-age-of-ai-to-bring-unprecedented-autonomy-to-business>

<sup>4</sup> <https://www.mckinsey.com/mgi/our-research/agents-robots-and-us-skill-partnerships-in-the-age-of-ai>

aprendizaxe automática, tecnoloxías da linguaxe e visión artificial e o seu impacto nos asistentes virtuais e a automatización de procesos (RPA, *Robotic Process Automation*).

A nivel autonómico, as diferentes estratexias da Xunta de Galicia (Estratexia Dixital de Galicia 2030<sup>5</sup> describen a relevancia da IA en ámbitos estratéxicos como a saúde e o benestar, envellecemento activo ou patrimonio cultural cunha perspectiva de IA responsable.

- **Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG.**

A IA considérase hoxe unha tecnoloxía esencialmente facilitadora (KET)), que está a transformar todos os ámbitos de coñecemento e produtivos. Do mesmo xeito que a implantación do grao en Enxeñaría Informática serviu para mellorar a formación dos/as egresados/as noutras disciplinas (a presenza de materias de informática noutros graos é cada vez maior, o mesmo que os programas de formación, tanto puntual como continua), tamén está a ser maior a presenza da IA nos contidos formativos de egresados/as en ámbitos como o dereito, formación do profesorado, estudos empresariais, en ciencias experimentais e da saúde, non digamos xa nas enxeñerías. Polo tanto, a permeabilidade de contidos formativos, recursos docentes ou experiencias prácticas derivadas do desenvolvemento dun grao en IA á oferta docente do SUG, é un valor engadido ao seu valor intrínseco como fonte de formación de profesionais especializados/as en IA.

Por suposto, tamén a implantación dun grao en IA terá un impacto significativo na investigación e na transferencia dos seus resultados. A necesidade de perfís especializados en IA para atender as demandas actuais e futuras das empresas faise aínda máis evidente en certos ámbitos da investigación xa que, por definición, a investigación debe sempre moverse nas fronteiras do coñecemento e o desenvolvemento tecnolóxico e o seu obxectivo debe ser o de tentar amplialas e, con iso, aplicar os seus resultados para aumentar a calidade de vida, crear riqueza e emprego. No momento de implantación do título só había en España catro graos verificados (UPC, UPM, EHU-UPV, Deusto) e na actualidade hai xa 32 que inclúen o nome IA na súa denominación. Xa que logo, Galicia fixo unha aposta pioneira neste eido, sumándose a unha corrente que a

---

<sup>5</sup> <https://amtega.xunta.gal/gl/node/9861>

nivel internacional (Carnegie-Mellon, MIT, China, Países Baixos, Francia, Reino Unido) xa estaba consolidada.

De todo iso conclúese que a formación en intelixencia artificial é unha necesidade que debe atenderse a todos os niveis educativos, pero de forma especial no ámbito universitario a nivel de grao, de modo que poida producir de profesionais cualificados/as en todas as dimensións da IA, e non unicamente de forma parcial, a organizacións, empresas, centros tecnolóxicos e de investigación..

- **Equilibrio territorial do SUG: Xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza con relación á especialización do mesmo.**

O acordo do 5 de maio de 2021 entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e las universidades de A Coruña, Santiago de Compostela y Vigo sobre as titulacións oficiais de grao e máster en intelixencia artificial, especifica que, no caso dos estudos en IA, considérase importante garantir o equilibrio territorial que facilite o acceso máis xeneralizado posible a este tipo de estudos tendo en conta a súa influencia económica e social nos próximos anos. En consecuencia, tanto o grao como o máster en IA terán a consideración de titulacións interuniversitarias entre as tres universidades públicas galegas.

Os centros participantes no título (Facultade de Informática na UDC, Escola Técnica Superior de Enxeñaría na USC e Escola Superior de Enxeñaría Informática na UVIGO) acollen nas súas plantillas á gran maioría de PDI das áreas de coñecemento relacionadas coa IA (Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial e Linguaxes e Sistemas Informáticos) e nos seus Campus están ubicados os dous Centros Singulares de Investigación da Rede CIGUS mais relevantes na temática: CITIC da UDC, no que a IA é a principal área de actividade, e o CiTIUS da USC, centro especializado en IA e recoñecido coa cualificación "A" na última avaliación CIGUS.

## II. MERCADO LABORAL

- **Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta**

O sector tecnolóxico galego vive un crecemento sostido e unha demanda crecente de persoal cualificado. En 2024–2025 o sector TIC superou por primeira vez os **23.000 empregos**, chegando a **23.467 traballadores**, cun incremento do 21,3% respecto ao 2020 (segundo OSIMGA). A maior parte das empresas dedícase á **programación**,

**consultoría e servizos informáticos**, representando arredor do **67%** do total empresarial TIC.

A implantación de tecnoloxías avanzadas tamén medrou: **o 38,3% das empresas TIC galegas empregan IA**, cun incremento relevante no uso de Big Data (35%), IoT (36,6%) e NLP (67,4% entre quen usa IA). A dificultade para atopar persoal cualificado continúa sendo moi elevada: **o 76,7% das empresas din ter problemas para contratar perfís TIC especializados**.

A **Estratexia Galicia Dixital 2030**, actualizada en 2025, fixa obxectivos ambiciosos: que **o 45% das empresas galegas empreguen IA**, que o sector TIC supere o **3% do PIB**, e que se impulse un **Plan Rexional para a Promoción da IA** e a creación dun **ecosistema de factorías de IA** en colaboración coa Comisión Europea.

España experimenta un forte incremento na demanda de profesionais en IA. Segundo Forbes, a adopción da IA nas empresas españolas alcanzou o 20,3% en 2025, en liña coa media da UE. No ámbito europeo, a IA é percibida positivamente pola maioría dos traballadores: o 70% considera que mellora a produtividade e o 62% ve un impacto laboral positivo, segundo o Eurobarómetro Especial 554 (2025). A UE reforza esta transformación con programas como AI Continent Action Plan, que prevé factorías de IA e investimentos de miles de millóns de euros para infraestrutura, talento e computación avanzada. Destaca, neste sentido a recente concesión por parte da Unión Europea, ao consorcio liderado polo CESGA, e no que participan as tres universidades do SUG, da OneHealth AI Factory, cunha inversión de 82M€ en tres anos para o desenvolvemento dunha plataforma de servizos de IA para o sector empresarial, preferentemente PEMES.

Por último, informes como o PwC AI Jobs Barometer (2024) indican que os empregos con habilidades especializadas en IA medran 3,5 veces máis rápido que o resto, e poden recibir ata un 25% máis de salario

- **Incorporación de perfís profesionais do título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia**

### *Elementos innovadores del Grado*

O Grao en Intelixencia Artificial destaca pola súa orientación á empregabilidade e pola integración de elementos innovadores que conectan a formación universitaria coas tendencias actuais da IA a nivel internacional. A súa proposta formativa non só garante que o perfil profesional dos futuros titulados resulte axeitado para as demandas

presentes e futuras, senón que tamén facilita a participación de profesionais externos na docencia, fortalecendo unha ligazón directa co tecido empresarial e institucional.

A innovación deste grao non reside unicamente na súa oferta de contidos nucleares en IA —representación do coñecemento, razoamento, resolución de problemas, aprendizaxe automática, procesamento da linguaxe natural, etc.— nin na sólida base científico-tecnolóxica (matemáticas, estatística e informática). O seu valor distintivo reside na integración equilibrada de todos estes ámbitos, estruturados ademais en diferentes itinerarios segundo a universidade, o que permite perfís profesionais específicos en función dos intereses do alumnado.

Na USC, o grao incorpora elementos formativos de carácter non STEM combinados con formación en ámbitos tecnolóxicos complementarios e de futuro, como a Internet das Cousas, a Computación de Altas Prestacións ou a Computación na Nube, disciplinas estreitamente vinculadas co desenvolvemento e despregamento de solucións intelixentes. Un dos elementos máis relevantes é a forte orientación á aprendizaxe baseada en proxectos, destacando o **Módulo de Proxecto Integrador de IA**, materia impartida por profesores asociados, que permite ao estudiantado aplicar de forma práctica e interdisciplinar os coñecementos adquiridos, resolvendo retos reais de interese social, industrial ou institucional propostos por empresas e entidades externas.

Na UDC, o itinerario diferénciase pola posibilidade de realizar un **percorrido formativo dual**, o que permite que determinadas competencias se adquiran directamente en empresas do sector TIC. Ademais, o módulo optativo específico céntrase na aplicación da IA á sociedade e á empresa, destacando a mellora da calidade de vida, a optimización de procesos e a eficiencia organizativa. Esta orientación facilita unha formación práctica e un contacto directo co contexto produtivo.

Na Universidade de Vigo, a mención en **Sistemas de Información Intelixentes (SII)** céntrase na evolución dos sistemas clásicos cara a sistemas capaces de xestionar grandes volumes de datos empregando computación distribuída e técnicas avanzadas de IA. Estes sistemas incorporan mecanismos de aprendizaxe, razoamento e interacción, permitindo cooperar con usuarios e outras plataformas na resolución de problemas e na toma de decisións.

O perfil profesional resultante capacita aos estudantes para a explotación segura e automática de información en múltiples formatos e contextos, orientándose tanto á análise coma á xeneración de novo coñecemento con valor estratéxico. Entre as competencias adquiridas destacan técnicas de PLN, aprendizaxe automática, tecnoloxías semánticas, minería de datos e textos, sistemas de tempo real, intelixencia de negocio e

análise de imaxes orientado á toma de decisións.

O segundo eixo clave que impulsa a empregabilidade é a ampla integración de experiencias profesionais no grao. A asignatura obrigatoria de **Prácticas Externas** permítelle ao alumnado completar parte da súa formación en contornos empresariais. Existen centos de convenios activos nas tres escolas que imparten o grao, garantindo unha elevada variedade de opcións para diferentes perfís e intereses.

A maiores, cada centro universitario desenvolve iniciativas complementarias orientadas á empregabilidade. Así, a ETSE (USC) conta coa **Aula Profesional**, un programa estable que ofrece seminarios, talleres, cursos, conferencias e actividades formativas impartidas na súa maioría por profesionais do sector. Estes encontros permiten manter ao alumnado actualizado en tecnoloxías emerxentes, habilidades profesionais, boas prácticas e tendencias empresariais.

Na FIC (UDC) a participación de profesionais externos materialízase en actividades como o ciclo "**Coñece as empresas do teu entorno**", que achega as TIC galegas ao alumnado, e o **Premio ao Mellor TFG Aplicado**, orientado a recoñecer proxectos con impacto real. Tamén destaca a **Feira de Prácticas en Empresa (FePeFIC)**, que facilita o contacto directo entre estudantes e empresas, ademais de actividades de orientación laboral e networking. As cátedras Universidade-Empresa reforzan aínda máis esta relación fluída co sector produtivo.

A ESEI (UVIGO) incorpora profesionais da empresa tanto dentro do currículo como en formación complementaria. A feira **empregoESEI** reúne máis de vinte empresas que presentan oportunidades profesionais, realizan entrevistas e explican os seus procesos de selección, facilitando a incorporación do alumnado ao mercado laboral.

Na docencia das tres universidades participa **profesorado asociado procedente do ámbito profesional**, unha figura clave para garantir unha visión aplicada e actualizada das materias. Diversas entidades xa manifestaron o seu interese en colaborar, o que reforza aínda máis a orientación práctica do grao e a súa conexión cos sectores produtivos máis relevantes.

.

### ***Saídas profesionais do Grao en Intelixencia Artificial***

A inserción laboral dos graduados e graduadas en Intelixencia Artificial está fortemente impulsada pola crecente demanda de profesionais altamente cualificados neste ámbito. A expansión das tecnoloxías intelixentes, a súa aplicación en produtos e servizos xa

existentes, a creación de novos modelos de negocio e a necesidade de orientar estas solucións ás persoas usuarias fixeron da IA un elemento central da economía dixital actual. Sectores como os servizos, o financeiro, o transporte, a distribución ou o entretemento amosan xa un impacto transformador directo da IA, polo que os novos titulados serán profesionais clave á hora de concibir, deseñar, desenvolver e despregar solucións intelixentes cunha visión profunda dos modelos e tecnoloxías implicados.

Diversos estudos cuantifican esta necesidade crecente. A Estratexia Española de I+D+i en IA, baseada nun informe do McKinsey Global Institute, sinala que España se sitúa no último cuartil europeo en canto a habilidades en IA, o que revela unha situación delicada respecto á dispoñibilidade de profesionais formados. Tamén estima que a demanda deste tipo de talento aumentará arredor dun 66%, recomendando intensificar a formación, a atracción e a retención de persoal especializado.

As organizacións tamén perciben esta necesidade: o informe *Deloitte Global Human Capital Trends* destaca que o 59% das empresas ven esencial redefinir os postos de traballo en torno á IA a curto prazo, aínda que menos do 20% inviste actualmente na formación necesaria. Pola súa banda, o *CIO Gartner Survey* mostra que o uso da IA en empresas medrou do 25% ao 37% nun ano, pero segue existindo unha grande dificultade para atopar profesionais cualificados, identificada como o principal reto polo 54% das organizacións enquisadas. O *World Economic Forum* tamén sinala aos *Artificial Intelligence Specialists* como o perfil profesional con maior crecemento, superando o 80% anual.

No contexto galego, o informe *Galicia 2030* prevé un incremento anual da demanda de titulados superiores arredor do 4,36%, apuntando a IA, Big Data, IoT e ciberseguridade como nichos de emprego prioritarios. Complementariamente, o Foro Económico de Galicia recompila indicadores que reforzan esta visión: nos Estados Unidos, os empregos asociados á IA pasaron do 0,26% ao 1,32% do total en menos dunha década; estímase que a IA pode incrementar a economía mundial nun 16% nun prazo de dez anos; e un 57% das empresas considera que terá un impacto moi elevado en áreas aínda descoñecidas. Ademais, o *Informe sobre o futuro do emprego* do WEF prognosticaba a creación de 133 millóns de novos postos relacionados coa IA e a automatización industrial en só catro anos.

Todos estes datos evidencian que a IA non debe entenderse só como unha área tecnolóxica, senón como un ámbito transversal que require formación STEAM, integrando creatividade e coñecementos humanísticos. Grandes empresas tecnolóxicas —como Alibaba, Meta ou Google— xa incorporan equipos multidisciplinares que combinan perfís

técnicos e humanísticos para acelerar a innovación. Neste sentido, o Grao en Intelixencia Artificial está plenamente aliñado con esta visión, ao incluír formación obrigatoria en áreas non estritamente técnicas e ao promover unha preparación pluridisciplinar capaz de responder aos desafíos sociais, económicos e tecnolóxicos derivados da IA.

Finalmente, a importancia socioeconómica desta tecnoloxía é tal que estimacións de McKinsey atribúenlle un incremento anual medio da produtividade global do 1,2%. Formar profesionais versátiles, con visión transversal e capacidade de aplicar a IA en múltiples dominios, convértese así nunha prioridade estratéxica non só a nivel internacional, senón tamén para Galicia, que busca maximizar e reter parte deste impacto positivo.

- **Medidas previstas para o fomento do espírito emprendedor e o autoemprego dos egresads**

O fomento do espírito emprendedor e do autoemprego é unha prioridade transversal das tres universidades que imparten o Grao en Intelixencia Artificial, reforzada polos seus servizos de orientación (USC: Asesoramento ao Estudante e Orientación Laboral; UDC: SAPE; UVigo: SIOPE). O propio deseño do grao está pensado para estimular a iniciativa innovadora, complementando as prácticas externas cun módulo profesional en cada itinerario.

Na USC, o módulo Profesional emprega de forma intensiva a aprendizaxe baseada en proxectos. As materias de Avaliación de Proxectos Empresariais e os dous Proxectos Integradores de IA fomentan a creación de plans de negocio, o traballo interdisciplinar, a comunicación eficaz e a creatividade, orientando o alumnado a resolver retos reais propostos por empresas e institucións. A isto súmanse os programas de emprendemento do ecosistema USC —Uniemprende, Unirisco, Uninvest— e o papel do CiTIUS como referente en iniciativas de IA, incluído o programa EmprendeLab.

Na UDC, o módulo Empresa ofrece tres materias en modalidade dual, permitindo que o alumnado desenvolva directamente en empresas parte das súas competencias profesionais, potenciando o traballo en equipo e a aplicación práctica da IA.

Na UVigo, as prácticas externas e empregoESEI achegan ao alumnado ao tecido empresarial. Ademais, o programa UVigo-Incubi impulsa a creación de startups tecnolóxicas, e o campus conta co edificio CITI no Parque Tecnolóxico de Galicia, onde se integran empresas de base tecnolóxica xurdidas da ESEI.

En conxunto, o grao promove unha formación orientada á innovación, o emprendemento e a conexión directa coa industria, facilitando que os futuros profesionais poidan crear, liderar e consolidar proxectos baseados en IA.

### III. DEMANDA

- **Previsión de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade**

Os datos da CIUG de demanda dos cursos 2022/23 e seguintes permiten constatar o elevado interese deste oferta formativa, que se ven mantendo de forma sostida no tempo:

CURSO ACADÉMICO	Universidade	Prazas	Matrícula	Nota último convocado
2022/23	Santiago de Compostela	50	56	11,008
	A Coruña	50	58	10,210
	Vigo	50	53	8,858
2023/24	Santiago de Compostela	50	55	11,19
	A Coruña	50	55	11,15
	Vigo	50	55	9,92
2024/25	Santiago de Compostela	50	59	11,184
	A Coruña	50	67	11,022
	Vigo	50	56	8,036
2025/26	Santiago de Compostela	50	57	10,846
	A Coruña	50	65	10,382
	Vigo	45	52	9,090

- **Descrición das medidas previstas para a revisión da titulación motivada por cambios na demanda**

Os tres centros responsables da titulación están acreditados institucionalmente, polo que os seu respectivos Sistemas de Garantía Interna da Calidade contemplan os procedementos e medidas a realizar.

## IV. NON DUPLICIDADE

- **Mención de ensinanzas afíns preexistentes en cada universidade**

O enfoque xeral transdisciplinar do Grao en IA non se dá en ningún outro título do Sistema Universitario Galego. Por tanto, esta proposta complementa a oferta académica actual en Galicia. A nivel de grao, ofértanse graos en ámbitos tecnolóxicos e de corte xeral (actualmente, no contexto desta memoria, o Grao en Enxeñaría Informática, o Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos e o Grao en Robótica), másteres xeralistas en IA (Máster interuniversitario en IA) orientados a proporcionar formación a persoas graduadas no ámbitos da enxeñaría informática ou titulacións próximas, e másteres que ofrecen especialización en ámbitos específicos da IA (Visión por Computador) e as tecnoloxías que lle dan soporte (Big Data e Computación de Altas Prestacións). A nova proposta de Grao en Intelixencia Artificial encádrase nesta estratexia, posto que a IA é cada vez con máis claridade un ámbito xenérico e transversal, que proporcionaría unha formación adecuada para a posterior especialización nos másteres.

- **Acreditación da non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos)**

Dado que o título proposto estase a impartir nas tres universidades que forman parte do SUG, esta cuestión xa se analizou no apartado anterior coa análise de titulacións afíns preexistentes. Globalmente, e como se comentou anteriormente, a IA céntrase en todos os aspectos relacionados co modelado, deseño e desenvolvemento de máquinas capaces de levar a cabo tarefas dun xeito que poderíamos considerar "intelixente". Trátase dun perfil profesional que integra coñecementos e competencias transversais que servirán como vector cualificado en achegar innovación baseada en IA, xa que, a todo o anterior, o enfoque esencial orientado a proxectos e ás persoas usuarias.

Polo tanto, a formación que dá o Grao en IA non está cuberta, nin de maneira aproximada en ningún dos graos que se ofertan no SUG nin, por suposto, nos másteres, aínda aqueles que teñen unha relación máis directa co ámbito da IA. Con este novo grao realízase unha oferta académica innovadora e orixinal, diferenciada de toda a oferta académica universitaria que, por unha banda, pon en valor a existencia dun cadro de persoal de PDI cunha experiencia recoñecida de case corenta anos en I+D+i en Intelixencia Artificial, nas tecnoloxías que lle dan soporte e en todas as áreas científicas que resultan imprescindibles para unha formación en IA. Con iso, o Sistema Universitario de Galicia poderá contar cunha oferta académica oportuna, que poderá formar estudantes nunha área estratéxica para a Comunidade Autónoma, e con todas as garantías da maior excelencia académica.

## V. OUTROS

- **Planificación da conexión das titulacións de grao, máster e doutoramento**

O Grao en Intelixencia Artificial, cuxos resultados de aprendizaxe se corresponden co nivel MECES-2 posibilita o acceso do estudiantado a algún programa de máster cuxos contidos académicos (nivel MECES-3) complementen a formación adquirida no Grao. Ademais, posteriormente poderá continuar a súa formación académica investigadora a través dos Programas de Doutoramento (nivel MECES-4) ofertados polo SUG ou outras universidades.

Ao consistir nunha formación xenérica dentro do ámbito da Intelixencia Artificial, ao finalizar a súa titulación, os/as estudantes poderán complementar a súa formación en calquera mestrado do ámbitos tecnolóxico ou científico que ofrezca especialización. Cinguíndonos ao SUG, algúns exemplos non exhaustivos son:

- **Máster Interuniversitario en Big Data: Tecnologías de Análisis de Datos Masivos**, USC-UM,
- **Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións**, USC-UDC
- **Master in Computer Vision**, USC-UDC-UVIGO-Porto.
- **Máster en Bioinformática para Ciencias de la Salud**, UDC.
- **Máster en IOT**, USC-UDC-UVIGO
- **Máster en Ciberseguridade**, UDC-UVIGO

Como continuación cara á carreira investigadora, e a título de exemplo, ofértanse no SUG os programas de doutoramento **en Investigación en Tecnoloxías da Información** (USC-UDC), **en Computación** (UDC), ou **en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables**, (UVIGO).

- **Coherencia da titulación proposta co Plan Estratéxico da universidade propoñente**

O Plan Estratéxico da USC identifica varias fortalezas que sustentan a creación do grao: persoal altamente cualificado, ampla experiencia en investigación, transferencia e emprendemento, forte proxección internacional, o aval do Campus Vida como Campus de Excelencia e un compromiso consolidado coa responsabilidade social, aspecto clave para formar profesionais en IA ética. O grao tamén responde a debilidades detectadas, como a necesidade dunha oferta máis dinámica e innovadora, e aproveita oportunidades como a colaboración entre universidades do SUG e o crecente interese empresarial por talento en IA.

A proposta aliñase coas liñas estratéxicas da USC ao mellorar a empregabilidade, adaptar a oferta formativa ás necesidades sociais emerxentes, reforzar a interacción entre docencia e investigación, promover a internacionalización e impulsar a transferencia e o emprendemento, incluíndo formación en aspectos éticos e sociais da IA.

No caso da UDC, o grao responde aos seus obxectivos estratéxicos en docencia, empregabilidade, axuste ao entorno, colaboración con empresas, transferencia, responsabilidade social e captación de recursos, destacando o seu enfoque cara ás demandas do sector TIC galego e a relación estreita entre profesorado e tecido empresarial.

A UVigo, pola súa banda, enmarca o grao nos seus obxectivos de ofrecer titulacións novas e plurilingües, promover programas con empresas que melloren a

empregabilidade, desenvolver formación innovadora, impulsar a internacionalización — especialmente pola impartición en inglés— e atraer talento nacional e internacional. En conxunto, as tres universidades sitúan este grao como unha resposta estratéxica, innovadora e necesaria para o desenvolvemento académico, económico e social de Galicia..

- **Innovación docente e investigadora: fomento da utilización de TIC e novas tecnoloxías**

As tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas esenciais en todas as titulacións universitarias, e máis aínda nun grao cunha forte compoñente tecnolóxica como o de Intelixencia Artificial. A USC dispón dun Campus Virtual consolidado e de múltiples plataformas corporativas para docencia, interacción e titorización, apoiadas polo Área TIC e o CETA, que desenvolve o Programa de Formación e Innovación Docente (PFID). Este programa ofrece itinerarios en metodoloxías docentes, avaliación, competencias dixitais e desenvolvemento profesional, impartindo máis de 70 actividades formativas anuais.

Pola súa banda, a UDC conta cunha infraestrutura madura de laboratorios, redes e equipos informáticos, así como co uso estendido de Moodle e Office 365, ferramentas que forman parte habitual da práctica docente. O profesorado da FIC destaca pola súa ampla participación en Grupos de Innovación Docente.

A UVigo ofrece un potente ecosistema de teledocencia, encabezado por MooVi (Moodle en contorna nube) e Campus Integra, que permite combinar presencialidade e docencia remota. As aulas están equipadas para ofrecer docencia híbrida con encerado virtual e interacción bidireccional.

As Universidade conta tamén cun seguimento sistemático da calidade docente a través de DOCENTIA, con alta participación e avaliacións maioritariamente favorables, así como unha ampla traxectoria en innovación educativa.

En conxunto, o profesorado das tres universidades presenta excelentes resultados no programa DOCENTIA, teñen un nivel avanzado de medios tecnolóxicos, plataformas de docencia e profesorado cualificado, garantindo unha formación sólida, flexible e adaptada ás esixencias dun grao altamente tecnolóxico como o de Intelixencia Artificial.

- **Incardinación en redes internacionais de calidade**

Os tres centros que impulsan este Grao en Intelixencia Artificial participan ou participaron activamente en numerosas redes temáticas e proxectos de I+D+i internacionais, dentro dos ámbitos da Intelixencia Artificial e as tecnoloxías que lle dan soporte. Seguen algúns exemplos non exhaustivos.

Na USC

- Confederation of Laboratories for Artificial Intelligence Research - CLAIRE Research Network, formada por 375 laboratorios europeos de IA
- TAILOR - Foundations of Trustworthy AI - Integrating Learning, Optimization and Reasoning, una de las cuatro redes financiadas en el programa H2020 ICT-48 "Towards a vibrant European network of AI excellence centres."
- European Training Network (ETN) on Multimodal Environmental Exploration Systems – Novel Technologies. H2020-MSCA-ITN-2019. 01/10/2019-30/09/2023.
- European Training Network (ETN) NL4XAI: Tecnoloxías da Linguaxe Natural Interactivas para a Intelixencia Artificial Explicable. H2020-MSCA-ITN-2019. 01/10/2019-30/09/2023.
- COST Action Multi3Generation: Multi-task, Multilingual, Multi-modal Language Generation (CA18231). 2019-2023.
- COST Action Lobular Breast Cancer: Discovery Science, Translational Goals, Clinical Impact (CA19138). 2020-2024.
- COST Action Language in the Human-Machine Era (CA19102). 2020-2024.
- COST Action European Network to Advance Best Practices & Technology on medication adherence (CA19132). 2020-2024.

Na UDC:

- 3-i ICT. International, Interdisciplinary and Intersectoral Information and Communications Technology PhD Programme. H2020-MSCA-COFUND-2020. 01/01/2022 – 31/12/2026.
- NEASQC. NExt ApplicationS of Quantum Computing. H2020-FLETFLAG-05-2020. 01/09/2020 – 31/08/2024.
- Innovative Training Network – European Industrial Doctorates ITN-EID. ABC-EU-XVA. Valuation Adjustments for Improved Risk Management. H2020-MSCA-ITN-2018. 01/11/2018 – 31/10/2022.
- FastPARSE. Fast Natural Language Parsing for Large-Scale NLP. ERC-2016-STG. 01/02/2017 – 31/01/2022.

- HiPERFORM - High performant Wide Band Gap Power Electronics for Reliable, energy efficient drivetrains and Optimization thROUGH Multi-physics simulation. H2020-ECSEL-2017-2-RIA-two-stage. 01/05/2018 – 30/04/2021.
- SMARTEES. Social innovation Modelling Approaches to Realizing Transition to Energy Efficiency and Sustainability. H2020-LCE-2017-RES-RIA-twoStage. 01/05/2018 – 30/04/2021.
- HERIT. Heritage Efficient management through Relevant IT use. Partnerships for Digital Education Readiness (2020-1-BE01-KA226-VET-082730). 01/06/2021 – 31/05/2023.
- AI+. Developing an Artificial Intelligence Curriculum adapted to European High School. Strategic Partnerships for school education (2019-1-ES01-KA201-065742). 01/09/2019 – 31/08/2022.
- CLASS. Development of the master program on computational linguistics and open online courses. Capacity Building in higher education (85845-EPP-1-2017-1-ES-1PPKA2-CBHE-JP). 15/10/2017 – 14/04/2021.
- FinTechAI. Fintech and Artificial Intelligence in Finance - Towards a transparent financial industry (CA19130). 14/09/2020 – 13/09/2024.
- DigForASP. Digital forensics: evidence analysis via intelligent systems and practices (CA17124). 10/09/2018 – 09/09/2022.
- Confederation of Laboratories for Artificial Intelligence Research – CLAIRE Research Network, formada por 375 laboratorios europeos de IA.
- BDVA. Big Data Value Association.
- euROBOTICS. European Robotics Association.
- ETP4HPC. European Technology Platform for High Performance Computing.
- ECSO. European Cyber Security Organisation.
- TAILOR - Foundations of Trustworthy AI - Integrating Learning, Optimization and Reasoning. H2020 ICT-48 "Towards a vibrant European network of AI excellence centres." 01/09/2020 – 31/08/2023.

#### UVIGO:

- Nuevas oportunidades de negocio para pymes basadas en Tecnologías Facilitadores Esenciales, POCTEP, European Community [0636\_NOVA\_TFE\_01\_E], 01/07/2019 - 31/10/2022
- Emprende makers: de eMakers a emprendedores, POCTEP, European Community [0531\_EMPRENDE\_MAKERS\_1\_E], 01/06/2019 - 31/12/2020
- Higher education engineering HE through active learning for growth KA2. Strategic Partnerships for Higher Education 2019-1-EL01-KA203-062952. Vigencia:

1/10/2019-30/09/2021.

- Soil Biodiversity Enhancement In European Agroecosystems To Promote Their Stability And Resilience By External Inputs Reduction And Crop Performance Increase H2020 01/06/2019 a 31/05/2024.

## REQUISITOS ESPECÍFICOS:

- **Acreditación do cumprimento de, polo menos, dous requisitos dos previstos no artigo 5.1 do Decreto 222/2011**

A proposta de Grao en Intelixencia Artificial, segundo o indicado na presente memoria, cumpre tres dos requisitos fixados polo art. 5.1 do Decreto 222/2011, xa que:

- segundo acordo asinado en maio de 2021, é interuniversitario, participando as 3 universidades públicas do SUG.
  - Ofrece unha orientación laboral práctica, que inclúe 6 ECTS obrigatorios de prácticas externas garantidas, que os estudantes poden ampliar con prácticas extracurriculares ou optativas, segundo o itinerario que cursen.
  - Ofrece formación inexistente no SUG nun ámbito de evidente empregabilidade de forma inmediata, cunhas perspectivas inmejorables en canto á inserción laboral dos/as graduados/as tanto en empresas e institucións como mediante accións de auto emprego e emprendemento, onde a IA mostra innumerables casos de éxito e impacto a todos os niveis e en todos os sectores.
  - Cubre a formación superior en áreas dunha extraordinariamente elevada demanda laboral, que actualmente o sistema universitario non é capaz de satisfacer, o que permitirá reter talento, posto que poderá atopar no SUG unha oferta formativa neste ámbito.
- **Xustificación da previsión mínima de alumnado de novo ingreso: 50 alumnos/as nos campus da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, e 45 alumnos/as nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra**

Os datos de matrícula dos catro anos de implantación do título, nos que nos tres campus á matrícula real superou a limitación de 50 prazas avalan esta xustificación.